

# MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego  
“Luis Freire”

**Volume 23**  
**2020**



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

**APORTACIÓN AO COÑECEMENTO DA MACROBIOTA DO ALTO MINHO,  
PORTUGAL (II): FREGUESÍA DE PIAS, MONÇÃO**

por  
M.L. CASTRO

CASTRO, M.L. 2020. Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (II): Freguesía de Pias, Monção. *Mykes* 23: 65-83.

**Resumo**

Neste traballo enuméranse 43 taxons, 7 do *phyllum Ascomycota* e 23 de *Basidiomycota* recollidos na rexión do Alto Minho (Portugal). Destaca a presenza de *Typhula filiformis* (Bull.) Fr. rara en toda a Península Ibérica, *Amanita battarrae* (Boud.) Bon, *Cortinarius glaucopus* (Schaeff.) Gray e *Otidea onotica* (Pers.) Fuckel, raras no noroeste ibérico.

**Palabras clave:** macromicetos, Portugal, Alto Minho, noroeste ibérico.

CASTRO, M.L. 2020. Contribution to the knowledge of the macrobiota of Alto Minho, Portugal (II): Freguesía de Pias, Monção. *Mykes* 23: 65-83.

**Summary**

In this paper we have studied 43 *taxa*, 7 of the *Ascomycota* *phyllum* and 23 of *Basidiomycota*, collected in the Alto Minho (Portugal). The presence of *Typhula filiformis* (Bull.) Fr., infrequent for the Iberian Peninsula and *Amanita battarrae* (Boud.) Bon, *Cortinarius glaucopus* (Schaeff.) Gray e *Otidea onotica* (Pers.) Fuckel infrequent northwest, stands out.

**Keywords:** macromycetes, Portugal, Alto Minho, northwestern Iberian Peninsula.

## INTRODUCCIÓN

Neste traballo faise unha nova aportación ao coñecemento da micobiota da Freguesía de Pias (Monção) como continuación dos traballos de CASTRO *et al.* (2019), traballo para o que non foran conservadas *exsiccata*, e de CASTRO (2019). O material recolleuse en altitudes inferiores aos 300 m, nunha zona de clima suave, claramente influenciado polo océano atlántico e a desembocadura do río Miño, con importante precipitación anual e fortes néboas.

A oscilación térmica anual é suave, os solos con pH ácido ou neutro aséntanse sobre xistos, granitos e terreos de aluvión. As masas forestais constitúense por repoboacións con pino marítimo (*Pinus pinaster* Ait.) e eucalipto azul (*Eucalyptus globulus* Labill), infectados no sotobosque por acacia negra (*Acacia melanoxylon* R.Br.), tamén abundan masas autóctonas con carballos (*Quercus robur* L.) co sotobosque rico en loureiro (*Laurus nobilis* L.).

## METODOLOXÍA

Para a identificación das coleccións usáronse obras básicas para ascomicetos (DENNIS, 1981; BREITENBACH & KRÄNZLIN, 1984 e MEDARDI, 2006) e para basidiomicetos (BAS *et al.*, 1988, 1990, 1995, 1999; NOORDELOOS *et al.*, 2001, 2005; JÜLICH, 1989; BERNICCIA, 2005, LÆSSØE & PETERSEN, 2019), ademais dos artigos específicos necesarios. As *exsiccata* depositáronse na Universidade de Vigo (UVIGO-Fungi).

## CATÁLOGO DE ESPECIES

A continuación enuméranse os 43 taxons estudados, por *phyllum*, orde, familia e especie. No *phyllum* *Ascomycota*, aparecen 3 ordes, 4 familias e 7 especies, seguido do *phyllum* *Basidiomycota*, con 6 ordes, 15 familias e 36 especies, ordenados alfabeticamente. Séguese o marco taxonómico indicado por KIRK *et al.* (2008), modificado por WIJAYAWARDENE *et al.* (2018) e ZHAO *et al.* (2017).

Para cada taxon indícase o *binomem*, actualizado segundo a base de datos nomenclatural INDEX FUNGORUM (2020), indícase o número de *exsiccata*, algunhas observacións relacionadas co taxon e a distribución corolóxica no noroeste ibérico (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019) e, no caso de tratarse dun taxon pouco común na zona de traballo, a distribución mundial (GBIF SECRETARIAT, 2017).

*Phyllum Ascomycota*

Orde *Helotiales*: familia *Helotiaceae*

***Bisporella citrina* (Batsch.) Korf. & S.E.Carp., *Mycotaxon*, 1(1): 58. 1974**

Monção, Pias, sobre rama sen identificar, 16-XI-2019, leg. C. Monteiro & A. Queirós, UVIGO-Fungi 249.

Pequenos ascomas de cor amarela intensa asentados sobre madeira, máis ou menos sésiles, ascosporas con dúas gúttulas ou cun tabique transversal, de 8-13 x 3-3,5 µm.

Novidade corolóxica na provincia do Minho, común no resto do noroeste peninsular (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Leotiales*: familia *Leotiaceae*

***Leotia lubrica* (Scop.) Pers., *Comm. fung. clav.* : 31. 1797**

Monção, Pias, Penedo de Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 250.

Frecuente nos bosques do noroeste ibérico, húmidos e con gran cantidade de humus.

Orde *Pezizales*: familia *Helvellaceae*

***Helvella lacunosa* Afzel.: Fr., *Syst. mycol.*, 2(1): 15. 1822**

= *Helvella sulcata* Afzel.

Monção, Pias, Penedo de Água, baixo carballos e loureiros, 29-

XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 251. Idem, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. C. Monteiro, UVIGO-Fungi 252.

Taxon moi común e abundante en todo a rexión noroccidental da península ibérica.

***Helvella macropus* (Pers.) P.Karsten**, *Bidr. Känn. Finl. Nat. Folk* 19: 37. 1871

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. C. Monteiro, UVIGO-Fungi 253. Idem, Penedo da Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 254.

Frecuente, pero moito menos común que a especie anterior (CASTRO, 2019, FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019, GBIF SECRETARIAT, en liña).

Orde *Pezizales*: familia *Pyronemataceae*

***Aleuria aurantia* (Pers.) Fuckel**, *Jahrb. Nassauischen Vereins Naturk.*, 23-24: 325. 1870 (1869)

Monção, Pias, Penedo da Água, en camiño areoso, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 255.

Taxon moi común e abundante en todo o noroeste ibérico, non a coñecemos publicada para a provincia do Minho, aínda que si aparece en Trás-os-Montes (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Otidea cochleata* (L.) Fuckel**, *Jahrb. Nassauischen Vereins Naturk.*, 23-24: 329. 1870 (1869)

= *Otidea umbrina* (Pers.) Bres.

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. C. Monteiro, UVIGO-Fungi 256.

Característica pola cor parda, antigamente era confundida con *Otidea umbrina* (Pers.) Bres. da que se diferenciaba por ter esporas maiores, non obstante na actualidade considéranse sinónimas como propoñía DENNIS (1981).

Amplamente distribuída no noroeste peninsular.

***Otidea onotica* (Pers.) Fuckel**, *Jahrb. Nassauischen Vereins Naturk.*, 23-24: 330. 1870 (1869) [Fig. 1]

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. C. Monteiro, UVIGO-Fungi 257. Idem, Penedo da Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 258.



Fig. 1  
*Otidea onotica*

Especie pouco frecuente no noroeste ibérico (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), diferenciable polas frutificacións amarelas e o hábitat baixo árbores caducifolias. Novidade corolóxica no norte de Portugal (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019), común no resto de Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña).

*Phyllum Basidiomycota*

Orde *Agaricales*: familia *Agaricaceae*

***Macrolepiota permixta* (Barla) Paccioni**, *Micol. Ital.*, 8(3): 13. 1979

Monção, Pias, bosque mixto con sotobosque herbáceo, 16-XI-2019, leg. J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 259.

Semellante a *M. procera* (Scop.) Singer, da que se diferencia macroscopicamente porque a carne e o cutis do pé tinguense de vermello ao rozalos co dedo.

Non se trata dunha especie rara, pero é difícil establecer a súa distribución xa que se confunde facilmente con *M. procera*, debido a que tamén ten o pé cebrado.

Orde *Agaricales*: familia *Amanitaceae*

***Amanita battarrae* (Boud.) Bon**, *Doc. Mycol.*, 16(61): 16. 1985 [Fig. 2]

= *Amanita umbrinolutea* (Secr. ex Gillet) Bataille

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. A. Queirós, UVIGO-Fungi 260.

A grosa volva branca, con algunhas manchas douradas, o mamelón pardo escuro e a marxen fortemente estriada permiten identificala xa no campo (LÆSSØE & PETERSEN, 2019).



Fig. 2  
*Amanita battarrae*

Especie común, aínda que pouco frecuente no noroeste peninsular. Novidade corolóxica para o norte de Portugal (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019), común no resto de Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña).

***Amanita vaginata* (Bull.) Lam., *Encycl.*, 1(1): 109. 1783**

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 261

As esporas esféricas permiten diferenciala doutras especies grises da sección *Vaginatae*.

Común, pero con distribución incerta, debido á facilidade coa que se confunde macroscopicamente con outras especies grises da mesma sección, novidade corolóxica para a zona (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Agaricales*: familia *Clavariaceae*

***Clavulinopsis laeticolor* (Berk. & M.A.Curtis) R.H.Petersen, *Mycologia*, 57(4): 522. 1965 [Fig. 3]**

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 262.

Aspecto macroscópico con certa semellanza a *Calocera viscosa* (Pers.) Fr., pero máis delgada, non ramificada no ápice e sobre todo, crescendo na terra, non en madeira. Microscopicamente resulta fácil de diferenciar, xa que se trata dun holobasidiomiceto.

Especie amplamente distribuída polo Hemisferio Norte (GBIF SECRETARIAT, en liña), pero trátase dunha novidade corolóxica para o norte de Portugal (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Agaricales*: familia *Cortinariaceae*

***Cortinarius glaucopus* (Schaeff.) Gray, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 629. 1821 [Fig. 4]**

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 264.





Fig. 3  
*Clavulinopsis laeticolor*



Fig. 4  
*Cortinarius glaucopus*

Aspecto semellante a outras especies co chapeu pardo e as láminas e pé lixeiramente violáceas. Presenta esporas elipsoides e verrugosas, de 8-10 x 4-5 µm.

Pouco frecuente na zona noroccidental ibérica, novidade corolóxica para o norte de Portugal (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019), común en Europa, menos frecuente na Península Ibérica (GBIF SECRETARIAT, en liña).

***Cortinarius semisanguineus* (Fr.) Gillet**, *Hyménomycètes* : 484. 1876

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 265.

Especie micorrícica moi común baixo coníferas, menos frecuente en caducifolias, onde se confunde con outras especies de láminas vermellas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Cortinarius torvus* (Fr.) Fr.**, *Epicr. syst. mycol.* : 293. 1838 [Fig. 5]

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 263.

Facilmente identificable pola subvolva esbrancuxada que envolve ata  $\frac{2}{3}$  do estipe.

Especie común baixo caducifolias, aínda que a súa distribución non está clara debido á grande variabilidade presente na especie. Esta cita parece tratarse dunha novidade corolóxica para o norte de Portugal (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Agaricales*: familia *Hygrophoraceae*

***Hygrocybe conica* (Schaeff.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.* : 111. 1871

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. J.R. Blanco, UVIGO-Fungi 266.



Fig. 5 *Cortinarius torvus*



Fig. 6 *Collybia cookei*

Exemplares de gran tamaño, ata 12 cm. de altura e chapeu de 4-5 cm de diámetro.

Amplamente distribuído no noroeste da Península Ibérica.

Orde *Agaricales*: familia *Lyophyllaceae*

***Lyophyllum decastes* (Fr.) Singer**, *Lilloa*, 22: 165. 1951 (1949)

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 267.

Taxon común no noroeste peninsular, especialmente baixo caducifolias, novidade corolóxica para a provincia do Minho, aínda que si o está para Trás-os-Montes (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde Agaricales: familia *Tricholomataceae*

***Clitocybe nebularis* (Batsch) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.* : 124. 1871

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. J.R. Blanco & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 268.

Común en todo o noroeste ibérico (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019), especialmente baixo caducifolias e en bosques ricos en humus.

***Collybia cookei* (Bres.) J.D.Arnold**, *Mycologia*, 27(4): 413. 1935 [Fig. 6]

= *Microcollybia cookei* (Bres.) Lennox

Monção, Pias, sobre cogomelo, sen identificar, podre, 16-XI-2019, leg. A. Queirós, UVIGO-Fungi 270.

O pequeno tamaño dos chapeus, xunto ao esclerocio amarelo permiten diferenciala doutras pequenas *Collybia*, como *C. cirrhata* (Schumach.) Qué. l., que carece del, e de *C. tuberosa* (Bull.) P.Kumm., que o ten escuro, case negro.

Amplamente distribuída na Galiza (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20) e no resto de Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña). Non está mencionada para o norte de Portugal.

***Lepista nuda* (Bull.) Cooke**, *Handb. Brit. Fungi*, 1: 192. 1871

Monção, Pias, Penedo de Água, baixo de carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 269.

Especie comestible, moi apreciada, amplamente distribuída por Galicia e norte de Portugal (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Tricholoma saponaceum* (Fr.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.* : 133. 1871

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 271.

O cheiro a touciño rancio, a cor verde, máis ou menos gris, e o pé adelgazado na base, onde se tingue de vermello permiten diferencialo doutros *Tricholoma* grises.

Moi común en todo o noroeste ibérico, especialmente baixo coníferas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Tricholoma sulphureum* (Bull.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.* : 133. 1871

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. J.R. Blanco, UVIGO-Fungi 272.

Facilmente identificable pola esvelteza do estipe e o forte cheiro a gas.

Común e amplamente distribuído no noroeste da península ibérica (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Agaricales*: familia *Typhulaceae*

***Typhula filiformis* (Bull.) Fr.**, *syst. mycol.*, 1: 496. 1821 [Fig. 7]

= *Macrotiphula filiformis* (Bull.) Rauschert

Monção, Pias, sobre follas de freixo (*Fraxinus* sp.) e carballo (*Quercus robur*), 16-XI-2019, leg. J.M. Ponte e M. Castro, UVIGO-Fungi 273.

Na Península Ibérica só coñecemos unha mención para o noroeste ibérico en GBIF SECRETARIAT (en liña), non aparece no traballo monográfico de OLARIAGA & SALCEDO (2005).

Orde *Cantharellales*: familia *Cantharellaceae*

***Cantharellus cibarius* Fr.**, *Syst. mycol.*, 1: 318. 1821

Monção, Pias, Penedo da Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 274.

Especie común e excelente comestible, difícil de indicar a distribución exacta por ser semellante e confundirse con



Fig. 7  
*Typhula filiformis*

*Cantharellus pallens* Pilát (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Cantharellus melanoxeros* Desm. in Duby, Bot. Gall., 2: 799. 1830**

= *Craterellus melanoxeros* (Desm.) Pérez-de-Gregorio

Monção, Pias, Penedo de Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 276.

Taxon frecuente, aínda que con frutificacións escasas, no noroeste peninsular (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20;

FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019). A súa distribución é difícil de precisar por confundirse a miúdo con outros taxons (GBIF SECRETARIAT, en liña).

***Craterellus cornucopioides* (L.) Pers.**, *Mycol. eur.*, 2: 5. 1825  
Monção, Pias, Penedo de Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 275.

Excelente comestible, común, especialmente baixo caducifolias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Craterellus tubaeformis* (Fr.) Qué.**, *Fl. mycol. France* : 36. 1888  
Monção, Pias, Penedo de Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 277.

Comestible apreciado, frecuente, especialmente baixo coníferas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Pseudocraterellus undulatus* (Fr.) Rauschert**, *Feddes Repert.*, 98(11-12): 661. 1987

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. J.M.Ponte, UVIGO-Fungi 278. Idem, Penedo da Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 279.

Frecuente en toda Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña), escasamente citado no noroeste ibérico (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Cantharellales*: familia *Clavulinaceae*

***Clavulina cinerea* (Bull.) J.Schröt.** *in* Cohn, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3.1(4): 442. 1888

Monção, Pias, Penedo da Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 280.

Taxon común, preferentemente en bosques de árbores caducifolias, en toda a Península Ibérica (GBIF SECRETARIAT, en liña).



***Clavulina coralloides* (L.) J.Schröt. in Cohn, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3.1(4): 443. 1888**

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 281.

Moi frecuente en plantacións de coníferas e bosques de caducifolias da rexión noroccidental ibérica (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Clavulina rugosa* (Bull.) J.Schröt. in Cohn, *Krypt.-Fl. Schlesien*, 3.1 (4): 442. 1888**

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 282.

Taxon común, de aparición irregular, preferentemente en plantacións de coníferas de todo o Hemisferio Norte (GBIF SECRETARIAT, en liña).

Orde *Cantharellales*: familia *Hydnaceae*

***Hydnum repandum* L., *Sp. pl.*, 2: 1178. 1753**

Monção, Pias, Penedo da Água, baixo carballos e loureiros, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 283.

Taxon frecuente e abundante, tanto en plantacións de coníferas como en bosques de caducifolias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

***Hydnum rufescens* Pers., *Observ. mycol.*, 2: 95. 1799**

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 284.

Cores alaranxadas no chapeu, carne delgada e longos aguillóns de cor case branca permiten diferencialo da especie anterior.

Menos frecuente ca especie anterior coa que a veces se confunde (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019), pero común, preferentemente en bosques de caducifolias de toda Europa (GBIF SECRETARIAT, en liña).



Orde *Dacrymycetales*: familia *Dacrymycetaceae*

***Calocera viscosa* (Pers.) Fr.**, *Syst. mycol.*, 1: 486. 1821

Monção, Pias, Pena da Água, sobre madeira sen precisar, 29-XI-2019, leg. F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 285. Ibidem, tocón de *Pinus* sp., 16-XI-2019, leg. J.R. Blanco, UVIGO-Fungi 286.

Especie extremadamente frecuente sobre cepas cortadas de coníferas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Gomphales*: familia *Gomphaceae*

***Ramaria stricta* (Pers.) Quél.**, *Fl. mycol. France* : 464. 1888

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 287.

Común en todo tipo de bosques e tamén en plantacións de coníferas e eucalipto, non a coñecemos publicada para a provincia do Minho, aínda que si para Trás-os-Montes (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Polyporales*: familia *Meruliaceae*

***Bjerkandera adusta* (Willd.) P.Karst.**, *Meddel. Soc. Fauna Fl. Fenn.*, 5: 38. 1880 (1879)

Monção, Pias, sobre cerdeira (*Prunus avium*), 16-XI-2019, leg. F.X. Martins, UVIGO-Fungi 288.

Parasito agresivo sobre diversas árbores de folia caduca ou perenne, caracterízase pola consistencia granulo-fibrosa que se desfai facilmente entre os dedos e polo himenio gris con poros de pequeno tamaño.

Relativamente común sobre madeira de árbores caducifolias e coníferas, non a coñecemos publicada para a provincia do Minho, aínda que si en localidades de Trás-os-Montes (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

Orde *Russulales*: familia *Russulaceae*

***Russula chloroides* (Krombh.) Bres.**, *Fung. trident.*, 2(14): 89. 1900

Monção, Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, leg. M. Castro, UVIGO-Fungi 289.

Taxon do xénero *Russula* facilmente identificable macroscopicamente pola cor branca do carpóforo, con reflexos verdosos nas láminas, o que a diferencia claramente de *Russula delicata* Fr.

Común en toda Galicia, non a coñecemos citada da provincia do Minho, aínda que si de Trás-os-Montes (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.*, 2019).

#### **AGRADECEMENTOS**

Aos membros da Asociación Micolóxica A Pantorra (Mogadouro), Antón Queirós e Cassiano Monteiro e aos da Asociación de Caça e Pesca do río Gadanho (Pias, Monção), especialmente a José Manuel Ponte, que axudaron na recolecta do material (legit).

#### **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

- BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. & VELLINGA, E.C. (eds.) 1988. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 1.* Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. & VELLINGA, E.C. (eds.) 1990. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 2.* Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. & VELLINGA, E.C. (eds.) 1995. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 3.* Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. & VELLINGA, E.C. (eds.) 1999. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families*

- of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 4.* Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- BERNICCHIA, A. 2005. *Polyporaceae s.l. Fungi Europaei 10*. Alassio. Edizione Candusso.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1984. *Champignons de Suisse. Tome 1. Les Ascomycètes*. Lucerne. Ed. Mykologia.
- CASTRO, M.L. 2019. Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (I): Freguesía de Pias, Monção. *Mykes*, 22: 53-73.
- CASTRO, M.L., MARTINS, F.X., MONTEIRO, C. PONTE, J.M. & QUEIRÓS, A.M. 2019. «I Jornadas Micológicas da Freguesia de Pias» (Monção, Portugal). *Mykes*, 22: 95-100.
- DENNIS, R.W.G. 1981. *British Ascomycetes*. Vaduz. E. J.Cramer.
- FERNÁNDEZ-RICÓN, H., CABALEIRO ALFAYA, M., CORDEIRO BAQUEIRO, A., ESTÉVEZ CARIDE, P., PÉREZ-TORRÓN, G. & CASTRO, M.L. 2019. Documento preliminar para a Base de Datos do Norte de Portugal (Trás-os-Montes e Alto Douro). V.01. Edita Mycogalicia in . [Base\\_de\\_datos.V.0.1.pdf](#).
- GBIF Secretariat. 2017. GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset [Consulta: 10/10/2020].
- INDEX FUNGORUM, 2020. Nomenclatural database Index Fungorum Partnership (en liña) in <http://> . [Consulta: 12/09/2020].
- JÜLICH, W. 1989. *Guida alla determinazione dei funghi. Vol. 2. Aphyllophorales, Heterobasidiomycetes, Gastromycetes*. Trento. Ed. Saturnia.
- KIRK, P.M., CANNON, P.F., MINTER, D.W. & STALPERS, J.A. 2008. *Ainsworth & Bisby's. Dictionary of the Fungi, 10th Edition*. Wallingford. CAB International.
- LÆSSØE, T. & PETERSEN, J.H. 2019. *Fungi of Temperate Europe. 2 vols*. Oxford and Princeton. Princeton University Press.
- MEDARDI, G. 2006. *Atlante fotografico degli Ascomiceti d'Italia*. Trento. Ed. AMB.
- NOORDELOOS, M.E., KUYPER, TH.W. & VELLINGA, E.C. (eds.) 2001. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 5*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- NOORDELOOS, M.E., KUYPER, TH.W. & VELLINGA, E.C. (eds.) 2005. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 6*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- OLARIAGA, I. & SALCEDO, I. 2005. Contribución al género *Typhula* Fr. (*Fungi*) en la Península Ibérica. *Anales Biol., Fac. Biol., Univ. Murcia*, 27: 39-51.

- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2018-20. MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega [en liña]. Disponible en [Consulta 18/10/2020]
- WIJAYAWARDENE, N.N., HYDE, K.D., LUMBSCH, H.T., LIU, J.K., MAHARACHCHIKUMBURA, S.S.N., EKANAYAKA, A.H., TIAN, Q. & PHOOKAMSAK, R. 2018. Outline of *Ascomycota*: 2017. *Fungal Diversity*, 88(2): 167-263.
- ZHAO, R.L., LI, G.J., SÁNCHEZ-RAMÍREZ, S., STATA, M., YANG, Z.L., WU, G., DAI, Y.C; HE, S.H., CUI, B.K., ZHOU, J.L., WU, F., HE, M.Q., MONCALVO, J.M. & HYDE, K.D. 2017. A six-gene phylogenetic overview of *Basidiomycota* and allied *phyla* with estimated divergence times of higher *taxa* and a phyloprotomics perspective. *Fungal Diversity*, 84(1): 43-74.